



## PROGRAMA

### 9:00.-Apertura do acto

Paloma Rueda Crespo. Directora da Fundación CETMAR. Consellería do Mar.

José Lino Comesaña Calvo. Subdirector de Caixanova e director do Instituto de Desenvolvemento Caixanova.  
Javier Pereiro Pérez. Director xeral. FEUGA

**9:30.-**Ponencia: *Tendencias tecnolóxicas a medio e longo prazo nos sectores da pesca, acuicultura e transformación de produtos do mar.*

**10:15.-***Axudas e financiamento da I+D para o sector marítimo.*

Fundación Innovamar.

**11:00.-**Pausa – café

### 11:30.-Mesas sectoriais

#### MESA PESCA EXTRACTIVA

Moderadora: Rosa Fernández. Promoción e transferencia de tecnoloxía. CETMAR

**11:30.-***Plataforma TECNOPEIXE.*

Rosa Fernández. Promoción e transferencia de tecnoloxía. CETMAR.

**12:00.-***Optimización enerxética na flota pesqueira.*

Jorge Romón. ARVI-Cooperativa de armadores de pesca do porto de Vigo .

Jesús Torres. Laboratorio de teledetección e Sistemas de Información Xeográfica (SIX). Universidade de Vigo.

**12:40.-***Xestión integrada de ecosistemas costeiros e xestión de pesqueiras.*

Juan Manuel Freire. Recursos mariños e pesqueiras. Universidade de A Coruña.

**13:10.-***Conservantes naturais nas adegas dos barcos do Gran Sol e Bioconservación na acuicultura.*

Bibiana García. ARVI-Cooperativa de armadores de pesca do porto de Vigo.

Pilar Calo. Laboratorio de hixiene, inspección e control de alimentos. Universidade de Santiago.

**13:50.-** Rogos e preguntas

#### MESA ACUICULTURA

Moderador: Santiago Cabaleiro. Xerente do Clúster de Acuicultura.

**11:30.-***Proxecto 3E ACUIC.*

Santiago Cabaleiro. Xerente do Clúster de Acuicultura.

**12:00.-***Incremento da produtividade a través da sexaxe do rodaballo.*

Paulino Martínez Portela. Xenética para a acuicultura e a conservación de recursos. Universidade de Santiago.

**12:40.-***Aforro enerxético. Optimización e eficiencia de instalacións, plantas e máquinas.*

Bernardino Novo. Xeración e utilización da enerxía eléctrica. Universidade de Vigo.

**13:00.-***Xestión sanitaria: Microbioloxía e Acuicultura. Vintecinco anos de transferencia de tecnoloxía e o seu efecto na produción acuícola de Galicia.*

Juan Luis Barja Pérez. Grupo de patoloxía na acuicultura. Universidade de Santiago.

**13:40.-** Rogos e preguntas.

#### MESA TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR

Moderador: Carlos Ruiz. Adxunto á Dirección Xeral. ANFACO

**11:30.-***Obtención e avaliación de envases comestibles activos para produtos da pesca e a acuicultura conxelados e cociñados obtidos con proteínas do lactosoro modificadas física e/ou enzimaticamente.*

Amado Caride. ANFACO

Ángel Cobos. Grupo de I+D+i de tecnoloxías dos alimentos. Universidade de Santiago.

**12:10.-***Novos produtos, novas elaboracións.*

Manuel Araujo. Instituto de investigación e análises alimentarias. Universidade de Santiago.

**12:40.-***Automatización e control dos procesos de fabricación.*

Fernando Vázquez Núñez. Deseño e automatización de sistemas avanzados. Universidade de Vigo.

**13:10.-***Maquinaria e desenvolvementos tecnolóxicos para o procesado, refrixeración, conxelación ou empaquetado de produtos do mar.*

José Irisarri. Director xeral de Optimar Fodemar, S.A.

**13:40.-** Rogos e preguntas.

#### 14:00.- Peche da xornada



## OS INVESTIGADORES

**Jesús Torres Palenzuela. Laboratorio de Teledetección e Sistemas de Información Xeográfica (SIX). Universidade de Vigo.**

Dirixe un grupo multidisciplinar especializado en predicións pesqueiras, mareas vermellas, verquidos e calidade das augas. Para o seu traballo dispoñen de equipos de última xeración en tratamento de imaxes: radares multiespectrais de teledetección e fotografía aérea; así como Sistemas de Información Xeográfica (SIX) a pequena, mediana e gran escala. Tamén utilizan técnicas de intelixencia artificial para o estudo de variables medioambientais, xunto con datos de pesca e marea vermella que conduzan a estratexias de predición.

**Juan Manuel Freire Botana. Grupo de recursos mariños e pesqueiras. Universidade da Coruña.**

Especialista en xestión integrada de ecosistemas costeiros e sistemas de xestión de pesqueiras. Desenvolve ferramentas de monitorización e xestión ambiental e asesora en comercialización de produtos pesqueiros: análise de mercados, deseño de estratexias. As súas liñas de investigación poden concretarse en tres áreas específicas: a avaliación e xestión dos recursos mariños vivos, a xestión integrada da zona costeira e a socioeconomía das comunidades costeiras.

**Pilar Calo. Laboratorio de hixiene, inspección e control de alimentos. Universidade de Santiago.**

Forma parte do equipo dirixido por Jorge Barros Velázquez. A súa especialidade é o desenvolvemento de conservantes naturais do peixe nas adegas dos barcos e a

selección e procesamento de bacterias lácticas bioconservantes para ser incorporadas nos piensos nas granxas de cultivos mariños e de peixes, mediante a bioconservación. Con técnicas baseadas na análise do ADN, desenvolveu un Array, un test para a detección rápida de microorganismos patóxenos aplicables ao sector acuícola e pesqueiro.

**Bernardino Novo Ramos. Equipo de xeración e utilización da enerxía eléctrica. Universidade de Vigo.**

Especialista en estudos de eficiencia enerxética en instalacións industriais e de calidade de subministro de enerxía eléctrica en redes e instalacións industriais (estudo, medida, análise). Asesor en mantemento preventivo e predictivo de máquinas eléctricas, tanto na xestión como na monitorización continuada.

**Paulino Martínez Portela. Xenética para a acuicultura e a conservación de recursos. Universidade de Santiago.**

O grupo de Martínez Portela logrou en 2007 o primeiro mapa xenético do rodaballo, o que permitiu investigar o mecanismo cromosómico da determinación sexual da especie, así como identificar un marcador molecular que permite sexar os rodaballos antes de que maduren os seus xenitais. Este é o primeiro paso para obter, en tres roldas de cruzamentos sucesivos, poboacións formadas só por femias, de maior tamaño e, xa que logo, máis produtivas e rendibles.

**Juan Luis Barja Pérez. Grupo de patoloxía na acuicultura. Universidade de Santiago.**

Especialista en diagnóstico de patoloxías en acuicultura mariña e continental, así como no control sanitario de reprodutores por métodos non destrutivos. Deseña novas ferramentas e asesora en estratexias para a prevención e control de patoloxías. Tamén desenvolve vacinas para a

acuicultura e fai ensaios de patoxenicida de produción de antisoros. Os seus progresos en xestión sanitaria producen un efecto directo sobre a mellora da produción acuícola.

**Angel Cobos García. Grupo I+D+I de tecnoloxía dos alimentos. Universidade de Santiago.**


O grupo desenvolve novos envases e son especialistas en tecnoloxías de produtos pesqueiros, cárnicos e lácteos. A planta piloto da que dispoñen e as técnicas fisico-químicas, microbiolóxicas ou reolóxicas que aplican, permítenlles caracterizar as propiedades dos produtos, aproveitar refugallo e desenvolver novos produtos para o consumo.

**Manuel Araujo. Instituto de investigacións e análises alimentarias. Universidade de Santiago.**

O Instituto é un referente no asesoramento a industrias alimentarias e no procesado dos alimentos. Coas súas técnicas de caracterización e control microbiolóxico melloran a calidade dos alimentos e produtos de uso alimentario. Así mesmo desenvolven novos produtos alimentarios, novas elaboracións ou presentacións e traballan en envases activos e intelixentes. Manuel Araujo forma parte do equipo de Joaquín Garrido Vázquez, director do Instituto.

**Fernando Vázquez Núñez. Deseño e automatización de sistemas avanzados.**

Doutor enxeñeiro de telecomunicacións e máster en dirección de empresas. Especialista en automatización, visión artificial, sistemas de información corporativos e xestión de proxectos. O seu grupo de I+D ofrece solucións integradas para empresas que abranguen desde o deseño e automatización de máquinas ata a informatización dos procesos produtivos e de negocio.



## AS ENTIDADES

### Fundación Innovamar

A misión de INNOVAMAR é contribuír á mellora da competitividade do sector marítimo e ten como fins: fomentar a investigación e o desenvolvemento na industria de construción naval e a súa industria auxiliar, así como no transporte marítimo e a explotación dos recursos marítimos; a promoción da investigación científica e técnica e as actividades de formación; o control, a realización, preparación e expedición de todo tipo de certificacións sobre contidos e execución de proxectos de I+D+i e a protección e mellora do medio ambiente no que se refire ao sector marítimo.

### Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR

Traballa a prol do progreso das condicións para o desenvolvemento sostible dos recursos mariños. Neste marco, está a contribuír a mellorar a eficiencia dos sectores da pesca, a acuicultura, a transformación dos produtos pesqueiros, así como a todas aquelas actividades directa ou indirectamente relacionadas co uso e a explotación do mar e os seus recursos. CETMAR actúa tamén de nexo entre a formación, a investigación e as empresas, para favorecer a transferencia de coñecementos e de desenvolvemento tecnolóxico.

### Cooperativa de armadores de pesca do porto de Vigo - ARVI

A cooperativa constituíuse o 2 de decembro de 1964. O fin que se perseguía no momento da súa constitución era fomentar a mellora económica e social dos seus asociados, mediante a acción conxunta. Nove son as asociacións de armadores de buques de pesca e dúas as organizacións de produtores que teñen a súa sede no porto de Vigo. As asociacións pesqueiras radicadas no porto de Vigo, e adscritas á cooperativa de armadores, están entre as máis fortes e representativas do sector pesqueiro español e da Unión Europea.

### Clúster de Acuicultura de Galicia - CETGA

Nace no ano 2001 como unha asociación empresarial sen ánimo de lucro co obxectivo principal de elevar a competitividade das empresas do sector acuícola galego mellorando, entre outros factores, o aproveitamento dos resultados de I+D. O clúster está totalmente involucrado na xestión do Centro Tecnolóxico Galego de Acuicultura - CETGA, desde o que se favorecen a investigación e a utilización de novas tecnoloxías fomentando os avances de coñecemento na acuicultura. O CETGA céntrase en diversas áreas de traballo: patoloxía, biotecnoloxía, hatchery, novas especies, nutrición, medio ambiente, calidade e automatización.

### ANFACO-CECOPESCA

CECOPESCA é un centro tecnolóxico de calidade, innovación, tecnoloxía, investigación e desenvolvemento de ámbito nacional, constituído ao servizo do sector industrial transformador e comercializador de produtos do mar e industrias afíns, que depende organicamente da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (ANFACO). Os seus obxectivos son promover a calidade, a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no campo da conservación de produtos da pesca e da acuicultura e prestar asesoramento científico, tecnolóxico e normativo ás empresas.

### Optimar Fodema S.A.

Pertence ao grupo noruegués OPTIMAR, con máis de 50 anos no mercado e ampla experiencia en todos os sectores do procesado de peixe. Achega solucións integrais aos requirimentos de loxística, procesado, refrixeración, conxelación ou empacado, para a obtención de produtos da mellor calidade. Ofrece unha completa gama de máquinas estándar, aínda que na maioría das ocasións desenvolve solucións a medida e personalizadas.